



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 881 24 93 91

ANUNCIO: MODIFICACIÓN NÚM. 1 DAS BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO, PARA A COBERTURA DUNHA (1) PRAZA DE PERSOAL LABORAL FIJO DE AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO 2022 DO CONCELLO DE PADRÓN, AO ABEIRO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA DA LEI 20/2021, DO 28 DE DESEMBRO, E CONVOCATORIA DO PROCEDEMENTO.

En cumprimento do establecido no artigo 97 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réximen local, no 205.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do empregado público de Galicia, e no 6 do Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se aproban as regras básicas e programas mínimos aos que deben axustarse os procedemento de selección dos funcionarios da administración local, faise público que por acordo da Xunta de Goberno Local do 12 de marzo do 2024 modificáronse as bases que rexerán o procedemento de selección, mediante o sistema de concurso, para a cobertura das seguintes prazas incluídas na oferta de emprego público extraordinaria do 2022 para a estabilización do emprego temporal do Concello de Padrón, ao abeiro da disposición adicional sexta da lei 20/2021, do 28 de decembro, e convocouse o procedemento:

- Denominación: axente de emprego e desenvolvimento local.
- Número: unha (1).
- Clase: laboral fixo.
- Grupo: II.
- Xornada laboral: completa.

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o señor Alcalde do Concello de Padrón, no prazo dun mes contado desde o día de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

O texto íntegro das bases aprobadas coa modificación núm. 1 insértase a continuación:

BASES (MODIFICACIÓN NÚM. 1) QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO, PARA A COBERTURA DUNHA (1) PRAZA DE PERSOAL LABORAL FIJO DE AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO 2022 DO CONCELLO DE PADRÓN, AO ABEIRO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA DA LEI 20/2021, DO 28 DE DESEMBRO.

EXPTE. 23/2022-SPL-EST, 2023/E001/000012.

1. OBXECTO.

1.1. É obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección de persoal laboral fixo para a cobertura dunha (1) praza de axente de emprego e desenvolvimento local incluída na oferta de emprego extraordinaria do 2022, aprobada por Decreto da Alcaldía 330/2022, do 19 de maio, e posterior corrección de erros por Decreto 600/2022, do 8 de setembro, para a estabilización do emprego temporal, en cumprimento do establecido na disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

1.2. O procedemento regulado nestas bases rexerase pola normativa básica estatal constituída pola Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, o Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (TREBEP), a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réximen local

(LBRL), o Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réximen local (TRRL), o Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (TRET), o Real decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos aos que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local (salvo os artigos 8 e 9), e o Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade; a normativa autonómica de aplicación constituída pola Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG), o Decreto 95/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección de persoal ao servizo da comunidade autónoma de Galicia e Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG), Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade e, supletoriamente, polo Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado e demás lexislación concordante e de aplicación.

2. NÚMERO E CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS.

As prazas obxecto do procedemento de selección teñen as seguintes características:

- a) Denominación: axente de emprego e desenvolvemento local.
- b) Número: unha (1).
- c) Grupo: II.
- d) Clase: persoal laboral.
- e) Xornada laboral: completa.

3. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

Para ser admitida ou admitido no procedemento que se regula nestas bases, as persoas aspirantes deberán reunir, na data en que remate o prazo de presentación de instancias e manterse ata o momento de formalización do contrato de traballo, os seguintes requisitos:

- a) Posuir a nacionalidade española ou ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea. Tamén reunirán este requisito:
 - i. As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estén separadas de dereito.
 - ii. As persoas, caquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.
 - iii. As persoas, caquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuge non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.
 - iv. As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadoras e traballadores.
 - v. Ser estranxeiro con residencia legal en España.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 881 24 93 91

- b) Ter cumplidos dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión do título de Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos ou equivalente.

Para os efectos desta convocatoria o término equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, sustitúan ás titulacións extinguídas.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación do título.

- d) Estar en posesión do certificado de lingua galega 4 (CELGA 4) ou título equivalente debidamente validado polo órgano competente segundo a normativa vixente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia ou títulos expedidos pola Escola Oficial de Idiomas.

No suposto de non posuir este certificado ou título equivalente a persoa aspirante deberá superar a proba de coñecemento do idioma galego descrita na base 9.

- e) Estar en posesión do permiso de conducción tipo B.
- f) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

As persoas discapacitadas deberán acreditar que teñen recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% e a súa compatibilidade co posto, a través da correspondente certificación. De ser o caso, farán constar na instancia as adaptacións que precise para a realización das diferentes probas achegando para elo o ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de calificación do grao de minusvalía.

- g) Non estar afectada por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
- h) Non ter sido separada/o nin despedida/o mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin encontrarse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral, no cal fose separado ou inhabilitado.

No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

- i) Non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos.
- j) Facer efectivo o pagamento da Taxa pola participación en procesos de selección de persoal ao servizo do Concello de Padrón que ascende a quince euros con corenta e catro céntimos (15,44 €).

Estes requisitos deberán manterese ademais durante todo o proceso selectivo.

4. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS E DOCUMENTACIÓN.

4.1. As instancias solicitando participar no proceso dirixiranse ao señor Alcalde do Concello de Padrón e presentaranse, debidamente cubertas, no Rexistro Xeral de Documentos do Concello de Padrón, ben presencialmente nas oficinas situadas en rúa Longa, número 27, 15900 Padrón, A Coruña, en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres, ou ben a través da sede electrónica do Concello (<https://sede.padron.gal>) accesible tamén desde a páxina web (www.padron.gal), ou ben por calquera das outras formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo

común das Administracións públicas (en adiante LPAC), no prazo máximo de vinte (20) días naturais contados dende o de publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos entregaranse en sobre aberto para seren seladas e datadas polo persoal de Correos antes de seren certificadas.

4.2. As instancias deberán axustarse ao modelo oficial que figura como Anexo I das presentes bases e estará a disposición das persoas interesadas nas oficinas do Rexistro Xeral do Concello de Padrón e na sede electrónica do mesmo e incluirá a manifestación de que se reúnen todos e cada un dos requisitos enumerados nas presentes bases á data de remate do prazo de presentación das instancias e o compromiso, no suposto de superar o proceso, de prestar xuramento ou promesa de conformidade co Real decreto 707/1979, de 5 de abril.

4.3. Xunto coas instancias solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación. na orde que se indica:

- a) Documento nacional de identidade ou pasaporte ou tarxeta de residente. As ou os familiares dos anteriores, visado e, de selo caso, documentación acreditativa do vínculo do parentesco e unha declaración responsable do cónxuge ou ascendente do que dependa de que non está separado de dereito ou de que a ou ao aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.

- b) Documento acreditativo do pagamento da Taxa pola participación en procesos de selección de persoal ao servizo do Concello de Padrón que ascende a 15,44 €.

O abonamento desta taxa realizarase empregando o modelo normalizado de autoliquidación de Taxas e prezos públicos que se atopa a disposición das persoas interesadas nas oficinas municipais do Concello de Padrón e na sede electrónica do Concello.

- c) Para o suposto de ter recoñecido un grao de discapacidade e ser preciso a adaptación das probas, ditame facultativo emitido polo órgano técnico de calificación do grao de discapacidade acreditativo das deficiencias permanentes que deron lugar ao grao de discapacidade recoñecido.

- d) Relación, segundo a orde que se establece na base 8.4, dos méritos que as ou os aspirantes aleguen para a súa valoración no concurso e os documentos xustificativos dos mesmos segundo o establecido na mesma base.

4.4. Toda a documentación presentada deberá estar redactada en galego ou castelán ou ben en calquera outro idioma coa correspondente traducción oficial selada e asinada por tradutor/a-intérprete xurado/a.

4.5. Presumirase que a documentación presentada polas persoas aspirantes é auténtica e así o declararán responsablemente na solicitude de participación, sen prexuízo de que o Tribunal de valoración ou o órgano competente do Concello de Padrón poidan requirir en calquera momento a acreditación da veracidade das circunstancias declaradas ou dos documentos aportados.

En calquera caso, as persoas aspirantes finalmente seleccionadas deberán presentar a documentación orixinal ou copia debidamente autenticada de acordo ao establecido na base 10.

5. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

5.1. Finalizado o prazo de presentación das solicitudes, o señor Alcalde do Concello de Padrón, no prazo máximo dun (1) mes, ditará resolución aprobando a lista provisoria de persoas admitidas e excluídas, con especificación de apelidos e nome e catro cifras aleatorias do documento nacional de identidade, número de identidade de estranxeiro, pasaporte ou documento equivalente e, de ser o caso, dos motivos de exclusión.

Esta resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Taboleiro electrónico do Concello de Padrón (<https://sede.padron.gal/>).



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 881 24 93 91

5.2. As ou os aspirantes omitidos ou excluídos disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados desde o día da publicación da devandita resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, para enmendar os errores ou os defectos que motivaron a súa omisión ou exclusión.

5.3. Transcorrido o prazo de subsanación, o señor Alcalde ditará nova resolución aprobando a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo e incluirá ademais a composición nominal do Tribunal cualificador.

Esta resolución publicarase igualmente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Taboleiro electrónico do Concello de Padrón.

5.4. De non existir persoas aspirantes excluídas, o Alcalde poderá elevar a definitiva a lista provisoria na mesma resolución de aprobación, incluíndo tamén composición do Tribunal cualificador.

5.5. O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos exigidos para participar no proceso selectivo. Así, cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso selectivo se desprenda que non posúen algúns dos requisitos, as persoas aspirantes decaerán en todos os dereitos que se deriven da súa participación.

6. NOMEAMENTO E COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR.

6.1. O tribunal encargado da calificación das probas e da supervisión do proceso será nomeado polo Alcalde conforme ao estipulado nos artigos 60 do TREBEP, 59 da LEPG, 7 do Decreto 95/1991, de 20 de marzo e demais lexislación de aplicación, e a súa composición farase pública consonte co establecido na base anterior. Estará composto polas e polos seguintes membros e os seus correspondentes suplentes:

- Un/unha Presidente (titular e suplente).
- Un/unha Secretario/a (titular e suplente).
- Tres vogais (titulares e suplentes).

6.2. No nomeamento das e dos membros do Tribunal deberanse respetar as seguintes regras:

- a) Todas as persoas membros do Tribunal deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.
- b) A súa composición será paritaria entre mulleres e homes, na forma establecida no artigo 48º do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e 53 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de homes e mulleres.

6.3. O tribunal poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, limitándose ditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas e terán voz pero non voto. O nomeamento destas persoas especialistas corresponderá ao señor Alcalde a proposta do Tribunal.

7. NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR.

7.1. As e os membros do Tribunal, así como as persoas asesoras especialistas designadas, terán que absterse de intervir cando concorra alguma das causas previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (en adiante LRXSP), ou si nos cinco (5) anos anteriores á publicación da convocatoria do proceso que regulan estas bases tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou tivesen colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.

A ou o presidente poderá solicitar das e dos membros do tribunal e das persoas asesoras especialistas declaración expresa de non atoparse incursos nas circunstancias previstas no devandito artigo 23 ou calquera outra das previstas nesta base.

As persoas aspirantes poderán recusar ás e aos membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas na presente base conforme ao artigo 24 da LRXSP.

7.2. Por resolución do señor Alcalde nomearanse ás ou aos novos membros do Tribunal que sustituirán ás persoas que perdesen tal condición por algunha das causas mencionadas anteriormente. Esta resolución farase pública no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Taboleiro electrónico do Concello de Padrón.

7.3. A data de constitución Tribunal será determinada por resolución da Alcaldía e entenderase válida coa presenza da metade, polo menos, dos seus membros e a presenza en todo caso do/a presidente e do/a secretario/a.

Igualmente, nas seguintes sesións, o tribunal non poderá actuar sen a asistencia de, polo menos, a metade das e dos seus membros e, en todo caso, sen asistencia da ou do presidente e secretario.

7.4. Por cada sesión do tribunal levantarase acta, que lida ao principio da sesión seguinte e feitas, de ser o caso, as rectificacións que procedan, autorizarse coa sinatura da/o secretaria/o e o visto e prace da/o presidente.

7.5. En ningún caso o tribunal poderá aprobar, nin declarar, que teñen superado o proceso selectivo, un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. Calquera proposta que contraveña o establecido nesta norma será nula de pleno dereito.

7.6. As e os membros do tribunal, así como, aqueles asesores especialistas que nomee, terán dereito ao abono de asistencias, de conformidade co previsto no anexo IV do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

7.7. O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que poidan presentarse e adoptar as resolucións, criterios e medidas necesarias para a boa orde do proceso naqueles aspectos previstos ou non nestas bases, sendo en todo caso aplicable para o non previsto nas presentes bases a normativa recollida na base 1.

7.8. Contra os acordos do Tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo de alzada ante o Alcalde, segundo o previsto no artigo 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, con independencia de calquera outro recurso ou reclamación que no seu caso proceda.

8. MÉRITOS QUE SE VALORARÁN NO CONCURSO.

8.1. Publicada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, o Tribunal cualificador reunirase nunha ou no número de sesións que resulten necesarias, que non serán públicas, a efectos de valorar os méritos alegados e debidamente acreditados por cada unha. O resultado da valoración farase público, mediante a súa exposición no Taboleiro electrónico do Concello de Padrón.

8.2. Deberá estarse en posesión dos méritos alegados, como máximo, na data de publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

8.3. O Tribunal, en ningún caso, poderá valorar o non achegado e probado polos ou polas aspirantes na documentación achegada coa instancia-solicitude, sen que sexa admisible a concesión de prazo ningún para emendas ou subsanacións con posterioridade ao día de remate do prazo de presentación daquela.

8.4. A puntuación máxima total do concurso establecese en cen (100) puntos e será o resultado de sumar os méritos que se enumeran nos seguintes apartados cos límites que se sinalan para cada un deles. En todo caso, cada un dos méritos alegados tan só poderá ser obxecto de valoración nun dos apartados.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 881 24 93 91

A. Experiencia profesional. Máximo 90 puntos.

- i. Por servizos prestados na Administración local como persoal laboral ou funcionario, en postos da mesma ou equivalente categoría profesional, corpo ou escala e no que se desenvolveran tarefas ou funcións propias da praza que se convoca: 0,92 puntos por cada mes completo de servizo.
- ii. Por servizos prestados noutras Administracións públicas, distinta da local, como persoal persoal laboral ou funcionario, en postos da mesma ou equivalente categoría profesional, corpo ou escala e no que se desenvolveran tarefas ou funcións propias da praza que se convoca: 0,25 puntos por cada mes completo de servizo.

Neste suposto deberán valorarse igualmente os servizos prestados nas Administracións Públicas dos Estados membros da Unión Europea, así como na Administración Pública daqueles Estados aos que, en virtude de Tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos nos que esta se define no Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

Non se computarán servizos prestados por tempo inferior a un mes e os meses consideraranse de 30 días naturais.

Nos supostos en que os servizos prestados alegados teñan sido prestados a tempo parcial, estes serán computados e valorados como se tivesen sido prestados a tempo completo, sen que, polo tanto, se lles aplique ningunha ponderación/reducción proporcional.

Para o suposto de que coincidan total ou parcialmente no tempo períodos de prestación de servizos efectivos susceptibles de valoración, só se terá en conta aquel que permita obter unha maior puntuación, sen que poida xerarse unha doble valoración por un mesmo período. Asemade non se computarán os servizos prestados simultáneamente con outros igualmente alegados.

Consideraranse servizos efectivos os prestados na situación de excedencia forzosa por designación ou elección para un cargo público ou situación de servizos especiais (artigos 46.1 do TRET e 168 da LEPG), excedencia para o cuidado de fillas/os e familiares (artigos 46.3 do TRET e 176 da LEPG), a excedencia por razón de violencia de xénero e por razón de violencia terrorista (artigos 177 e 177.bis da LEPG).

B. Cursos de formación. Máximo 10 puntos.

Valoraranse os cursos de formación, xornadas, simposios, congresos e accións formativas en xeral, en materias relacionadas directamente coas tarefas da praza convocada ou ben en materias traversais como a prevención de riscos laborais, saúde laboral, primeiros auxilios, igualdade e violencia de xénero, transparencia e protección de datos de carácter persoal, atención á cidadanía e habilidades comunicativas e sociais, protección do medio ambiente dende o ámbito laboral, ofimática e informática, novas tecnoloxías da información e comunicación; impartidos por escolas públicas de formación de persoal ao servizo das administracións públicas, organismos da administración e institucións públicas ou debidamente homologados por estos, colexios profesionais, universidades, institutos ou escolas oficiais, organizacións sindicais ou outros axentes promotores no marco dos acordos de formación para o emprego nas administracións públicas. Non serán obxecto de valoración as certificacións expedidas por academias privadas senón se xustifica a homologación sinalada.

Por cada hora de formación: 0,125 puntos.

8.5. De ser necesario, o resultado da valoración redondearase en dous decimais para cada un dos apartados e subapartados.

8.6. Os méritos alegados no apartado da experiencia profesional deberán ser acreditados mediante a seguinte documentación:

- i. Informe de vida laboral expedido pola Tesourería da Seguridade Social.
- ii. Contrato de traballo ou, no suposto de persoal funcionario, acordo de nomeamento e acta de toma de posesión.
- iii. Certificación expedida pola ou polo responsable da entidade na que prestara os servizos na que se fagan constar, como mínimo, data de inicio e de finalización dos servizos, nome do posto de traballo ocupado, categoría ou escala, subescala e grupo, porcentaxe de xornada de traballo e as principais funcións e/ou tarefas desenvoltas.

Non en tanto, a experiencia profesional ao servizo do Concello de Padrón das persoas participantes no proceso será acreditada de oficio por esta Administración previa indicación ao respecto na instancia (Anexo I) no apartado correspondente.

8.7. Os méritos alegados no apartado de formación acreditaranse co diploma ou título correspondente no que debe constar como mínimo a duración do curso en horas, o título do mesmo e a correspondente homologación de selo caso, ou ben certificación expedida polo organismo que o impartiou no que se fagan constar os mesmos datos.

8.8. Nas actas do Tribunal deberá quedar constancia dos méritos valorados e a puntuación outorgada en cada un, así como a motivación daqueles outros alegados e non valorados.

8.9. En caso de empate nas puntuacións de dous ou máis candidatos ou candidatas, o Tribunal resolverá conforme aos seguintes criterios:

- en primeiro lugar, a favor daquel/a aspirante que obtivera unha maior puntuación no apartado A da base 8.4. das presentes, co límite da puntuación máxima establecida para ese mérito.
- en segundo lugar, de persistir o empate, a favor daquel/a que obtivera unha maior puntuación no apartado B da base 8.4, co límite da puntuación máxima establecida para ese mérito.
- en terceiro lugar, de persistir o empate, a favor daquel/a que ocupara durante máis tempo a praza obxecto da convocatoria.
- por último, de persistir o empate, resloverase por sorteo.

8.10. En calquera momento do proceso selectivo, o Tribunal de valoración poderá requisitar ás persoas aspirantes que acrediten a veracidade dos documentos achegados e para o suposto de detectarse a inexactitudes ou falsidades, previa audiencia da persoa interesada, proporá ao órgano municipal competente, de maneira motivada, a exclusión da ou do aspirante do proceso selectivo.

8.11. Concluída a valoración de méritos de todas as persoas aspirantes, o Tribunal as relacionará por orde decrecente en función da puntuación final obtida. Esta relación co seu desglose será publicada no Taboleiro electrónico do Concello de Padrón.

Dende esta publicación e durante o prazo máximo de 5 días hábiles, as persoas interesadas poderán solicitar aclaracións ou presentar as reclamacións ou alegacións que estimen pertinentes á valoración dos méritos.

9. PROBA DE COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO.

9.1. As persoas aspirantes que non acrediten estar en posesión do título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega CELGA 4 ou equivalente terán que realizar unha proba de coñecemento do idioma galego de carácter eliminatorio. Consistirá nunha conversa de cada persoa aspirante cos membros do Tribunal e, no seu caso, o persoal especialista que se nomee para estos efectos, sobre o tema que este



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 881 24 93 91

escolla e que terá unha duración máxima de dez (10) minutos. O exercicio puntuarse como apto ou non apto.

9.2. A ou as sesións de realización da proba serán públicas e serán obxecto de gravación a través dos medios técnicos oportunos e unha copia da mesma, no soporte que se estime más conveniente, incorporarase á Acta da reunión.

9.3. Os teléfonos móbiles, tablets, axendas, reloxios intelixentes ou dispositivos similares que poidan portar ás persoas participantes na proba deberán estar e permanecer apagados durante a súa realización e situarse en lugar visible para o Tribunal, sin que se poida acceder aos mesmos agás permiso expreso deste.

9.4. As persoas aspirantes deberán presentarse á realización da proba provistas do DNI, NIE, pasaporte, permiso de coducción ou outro documento difedigno que, ao xuízo do Tribunal, acredite a súa identidade. En calquera momento, o Tribunal poderá requisitar ás aspirantes que acrediten a súa identidade.

9.5. A orde de actuación das persoas aspirantes seguirá o criterio alfabético do primeiro apellido, excluída a partícula, comenzando pola letra "T" de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 28 de xaneiro de 2022 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, publicada no Diario Oficial de Galicia número 24 do 4 de febreiro do 2022.

Segundo este criterio, serán debidamente convocadas polo Tribunal facéndoo público no Taboleiro electrónico do Concello.

9.6. O chamamento para a proba será único e polo tanto as persoas que non comparezan serán excluídas do proceso. Non obstante, as mulleres embarazadas que prevexan a coincidencia do parto coas datas de realización do exercicio polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal e xuntarán á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse dentro das corenta e oito (48) horas seguintes ao anuncio da data da proba.

O tribunal acordará se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazala ou adoptar ambas as medidas conxuntamente. Contra tal acordo non se admitirá recurso algúin, sen prexuízo de que a oposición ao mesmo poida ser alegado en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

9.7. Para respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer no acceso ao emprego público, o tribunal establecerá e informará as persoas aspirantes, con anterioridade á realización da proba de coñecemento da lingua galega, dos criterios de corrección, valoración e superación que non estean expresamente establecidos nas presentes bases.

9.8. Os resultados da proba serán publicados no Taboleiro electrónico do Concello e dende esta publicación e durante o prazo máximo de 5 días hábiles, as persoas interesadas poderán solicitar as aclaracións ou presentar as reclamacións ou alegacións que estimen pertinentes.

10. PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.

10.1. Concluída a valoración de méritos e realizada a proba de coñecemento do idioma galego e resoltas as posibles reclamacións ou alegacións, o Tribunal formulará ao órgano competente a proposta de nomeamento como persoal laboral fixo e de formalización do contrato de traballo coa persoa candidata que obtivera a maior puntuación. Esta proposta e a relación das puntuacións finais obtidas polas persoas aspirantes será obxecto de publicación no Taboleiro de electrónico do Concello de Padrón.

10.2. No prazo máximo de vinte (20) días naturais contados desde a publicación anterior, a persoa aspirante proposta para ocupar a praza obxecto deste proceso deberá presentar a seguinte documentación orixinal ou copia autenticada:

a) De estar incluída nalgún dos supostos relacionados nos apartados i, ii, iii ou iv da base 3.a), documentos xustificativos do matrimonio, filiación e/ou dependencia ou o tratado internacional que o ampara.

b) Título de Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos ou equivalente.

c) Certificado de lingua galega 4 (CELGA 4) ou título equivalente debidamente validado polo órgano competente segundo a normativa vixente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia ou títulos expedidos pola Escola Oficial de Idiomas.

Quedan excluídas da presentación deste documento as persoas propostas que superaran a proba de coñecemento do idioma galego descrita na base 9.

d) Permiso de conducción tipo B.

e) Certificación negativa do Rexistro central de delincuentes sexuais cunha antigüidade máxima dun mes á data de presentación no rexistro municipal.

f) Declaración responsable, asinada pola ou polo aspirante, de non estar afectada/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido separada/o do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral, segundo o modelo que se insire nestas bases como Anexo II.

No caso de ser nacional doutro Estado, declaración responsable, asinada pola ou polo aspirante, de non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

g) Informe médico actualizado no que se faga constar expresamente que a ou o aspirante non padece enfermidade nin está afectada por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións do posto de traballo. Este informe non poderá ter unha antigüidade superior aos tres (3) meses anteriores ao día de remate do prazo de presentación desta documentación.

h) De ser o caso, certificación de ter un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% expedida pola administración correspondente e certificación acreditativa da súa compatibilidade co posto de traballo.

i) Tarxeta sanitaria ou documento da Seguridade Social onde conste o corresponde número de afiliación.

j) Certificado da conta bancaria.

k) Impreso no modelo oficial do IRPF relativo ás retencións sobre os rendementos do traballo, comunicación de datos ao pagador.

As persoas aspirantes propostas que tivesen a condición de empregado público estarán exentos de xustificar as condicións e requisitos xa acreditados para obter o seu anterior nomeamento debendo presentar soamente unha certificación acreditativa da súa condición de empregado público e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal e a xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso.

10.3. Para o caso de non presentarse dentro do prazo indicado, agás supostos de forza maior debidamente acreditados, a documentación relacionada anteriormente ou si da análise da mesma estráese que a aspirante proposta carece dalgún dos requisitos sinalados na base 3, a persoa non poderá ser contratada e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorrese por falsidade na solicitude inicial. Neste suposto procederase do mesmo xeito coa persoa coa seguinte maior puntuación.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 881 24 93 91

11. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO DE TRABALLO E ASIGNACIÓN DE POSTO.

11.1. Cumprido o requisito anterior o órgano competente procederá ao nomeamento como persoal laboral fixo e establecerá a concreta data de formalización do contrato de traballo e de incorporación ao posto de traballo. Esta resolución, sen prexuízo da notificación individual, será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Taboleiro electrónico do Concello.

11.2. Para o caso de que a persoa contratada non asine o contrato de traballo ou non se incorpore ao posto de traballo na data fixada, agás supostos de forza maior debidamente acreditados, entenderase que renuncia aos seus dereitos e estarase ao disposto na cláusula 10.3.

12. CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO.

Crearase unha bolsa de emprego para a cobertura de postos de traballo con carácter interino ou temporal para os que se esixan os mesmos requisitos que nas presentes bases, integrada por todas aquelas persoas aspirantes que non superasen o proceso relacionadas por orde decrecente de puntuación na listaxe confeccionada polo Tribunal cualificador.

13. FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO.

13.1. No caso de producirse a necesidade de proveer un ou varios postos de traballo, coas características sinaladas na base 12 ofertarase á ou ás persoas incluídas na listaxe coas maiores puntuacións que nese momento non estén prestando servizos para o Concello de Padrón como axente de emprego e desenvolvemento local, para os efectos de que, nun prazo fixado polo órgano competente en función da urxencia na provisión do posto, se incorpore a éste.

A oferta do posto será notificado na forma prevista na LPAC, ao enderezo postal sinalado na instancia de participación presentada (Anexo I) e, de estimalo necesario, en atención ao tempo transcorrido ou por calquera outro motivo xustificado, na devandita notificación incluirase a relación da documentación que deberá presentar de novo para os efectos de comprobar que se seguen a cumplir os requisitos de participación no proceso selectivo de acordo ao previsto na base 3.

De resultar infructuosa a notificación, tralos dous intentos previstos no artigo 42.2 da LPAC, procederase do mesmo xeito coa/s seguinte/s persoas da lista sen necesidade de realizar a publicación no Boletín Oficial do Estado ao que se refire o artigo 44 da mesma Lei dada a celeridade para o que está previsto este procedemento e a temporalidade dos postos que con el se poden cubrir.

13.2. Igualmente será fixado polo órgano competente o número de persoas por posto ás que se lle remitirá a oferta indicándolle o número de orde no que se atopa na bolsa, de tal maneira que, no suposto de que a persoa ou persoas coas maiores puntuacións non se presenten á sinatura do contrato no prazo establecido, non aporten debidamente a documentación que se lles solicite ou renuncien por escrito a prestar os servizos para os que se lle require, pasarase a/s seguinte/s na lista.

A persoa que incorra nalgunha das circunstancias mencionadas no parágrafo anterior será excluída con carácter definitivo da bolsa de emprego agás que a renuncia, que en todo caso deberá realizarse por escrito, se deba algún dos seguintes motivos:

- a) Que a persoa se atope de permiso por paternidade ou maternidade, adopción ou acollemento, lactación ou risco durante o embarazo ou durante o período de lactación natural.
- b) Que a persoa se atope na situación de incapacidade laboral temporal por enfermedade común ou accidente profesional.
- c) Que se atope prestando servizos para o Concello de Padrón noutro posto de traballo.

Nos supostos a) e b) a renuncia deberá acompañarse dos documentos acreditativos da situación. No suposto de que non o acredite debidamente no prazo que se lle indique, será excluída definitivamente da lista.

Serán igualmente causas de exclusión definitiva da lista a renuncia á continuidade no desempeño do posto de traballo aceptado e todas aquelas outras que motivan a perda da condición de empregado público.

13.3. Nos supostos de que a necesidade de proveer o posto non fora previsible coa antelación suficiente e a súa cobertura fora necesaria para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefónicamente ao número consignado na instancia de participación (Anexo I).

Nestes supostos, a ou o empregado público que realice esta tarefa o intentará por dúas veces no mesmo día a horas diferentes cun intervalo mínimo entre chamadas dunha hora. De resultar infructuosos ambos chamamentos pasarase á seguinte persoa da lista.

En calquera dos supostos a ou o empregado extenderá dilixencia dos chamamentos realizados indicando número de teléfono, día, hora e minutos e resultado da oferta que poderá ser:

- › Non contesta.
- › Acepta.
- › Renuncia.
- › Permiso por paternidade ou maternidade, adopción ou acollemento, lactación ou risco durante o embarazo ou durante o período de lactación natural, ou incapacidade laboral temporal. Nestes casos deberáselle informar da necesidade de acreditar a circunstancia que concorra no prazo máximo de cinco (5) días hábiles desde o chamamento. En caso contrario procederáse ao seu tratamento como renuncia.

13.4. As persoas ás que resulte infructuosa a notificación da oferta ou o chamamento telefónico en 2 procedementos consecutivos ou 3 non consecutivos, namentres esté vixente a bolsa de emprego, pasarán ao final da lista.

13.5. O enderezo postal e número de teléfono onde recepcionar as ofertas de emprego consignadas na instancia de participación poderán ser modificadas por unha soa vez por ano natural a través do correspondente escrito asinado pola persoa interesada no que fará constar os novos datos. Esta modificación será efectiva unha vez transcorridos 15 días hábiles desde a súa presentación no rexistro xeral de entrada de documentos do Concello de Padrón.

13.6. A bolsa de emprego creada a partir do desenvolvemento e resolución do procedemento que regulan as presentes bases derroga calquera outra lista creada con anterioridade para a mesma finalidade.

13.7. Con motivo da realización de nomeamentos de persoal empregando a bolsa de emprego, a listaxe será actualizada tendo en conta as diferentes incidencias que se puideran dar como renuncias, incapacidades ou notificacións ou chamamentos infructuosos. A bolsa actualizada será obxecto de publicación no Taboleiro electrónico do Concello de Padrón (<https://sede.padron.gal>).

14. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

No marco da vixente normativa de protección de datos, os datos contidos nas solicitudes de participación e na documentación complementaria presentada con posterioridade serán obxecto de tratamiento polo Concello de Padrón coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión do proceso selectivo e posteriores provisións de postos de carácter temporal.

As persoas aspirantes poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación do tratamiento ou calquera outro establecido na normativa vixente ante o responsable do tratamento (o Concello de Padrón) a través da sede electrónica municipal (<https://sede.padron.gal>).

15. NORMA FINAL.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 881 24 93 91

Contra as presentes bases e a convocatoria do procedemento que regulan, as persoas interesadas poderán interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que ditou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

ANEXO I. INSTANCIA PARA PARTICIPAR NOS PROCESOS DE ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL CONVOCADOS PARA DAR COBERTURA ÁS PRAZAS INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO 2022 DO CONCELLO DE PADRÓN, AO ABEIRO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBERO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO.

APELIDOS E NOME:						
DNI / PASAPORTE / TARXETA DE RESIDENTE:						
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:						
Rúa, avenida, praza ou lugar			Número	Escaleira	Andar	Porta
Código postal	Municipio	Provincia	Correo electrónico		Teléfono	
Canle de notificación:		<input type="checkbox"/> Notificación postal <input type="checkbox"/> Notificación telemática (obrigatoria para as persoas que teñan a condición de empregada pública).				
PERSOA CON DISCAPACIDADE?:						
<input type="checkbox"/> NON.						
<input type="checkbox"/> SI. Grao de discapacidade %. Neste caso indíquese si precisa adaptación das probas:			<input type="checkbox"/> Non. <input type="checkbox"/> Si. Neste caso describa en documento adxunto as adaptacións que solicita.			
PRESTA OU PRESTOU SERVIZOS COMO PERSONAL LABORAL OU FUNCIONARIO NO CONCELLO DE PADRÓN?:						

<input type="checkbox"/> NO N.	<input type="checkbox"/> SI, polo que solicito a certificación acreditativa dos servizos prestados e a súa incorporación ao procedemento.																									
<p>TENDO COÑECIMENTO DA CONVOCATORIA DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL PUBLICADA NO BOLETÍN OFICIAL DO ESTADO NÚMERO [REDACTED] DE DATA [REDACTED] PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL INCLUIDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO 2022 DO CONCELLO DE PADRÓN, AO ABEIRO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, SOLICITO PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO DAS SEGUINTEIS PRAZAS (seleccione unha única opción)¹:</p> <table border="1"> <tr> <td><input type="radio"/> Albalen de obras (3), expte. 14/2022-SPL-EST.</td> <td><input type="radio"/> Auxiliar de axuda no fogar (5), expte. 22/2022-SPL-EST.</td> <td><input type="radio"/> Técnica/o de información (1), expte. 29/2022-SPL-EST.</td> </tr> <tr> <td><input type="radio"/> Alguacil-porteira/o (1), expte. 15/2022-SPF-EST.</td> <td><input type="radio"/> Axente de emprego e desenvolvemento local (1), expte. 23/2022-SPL-EST.</td> <td><input type="radio"/> Técnica/o de turismo (1), expte. 30/2022-SPL-EST.</td> </tr> <tr> <td><input type="radio"/> Animador/a cultural (1), expte. 16/2022-SPL-EST.</td> <td><input type="radio"/> Conserxe deportes (1), expte. 24/2022-SPL-EST.</td> <td><input type="radio"/> Técnica/o deportiva/o (1), expte. 31/2022-SPL-EST.</td> </tr> <tr> <td><input type="radio"/> Arquitecta/o a xornada parcial (1), expte. 17/2022-SPL-EST.</td> <td><input type="radio"/> Coordinador/a de voluntariado (1), expte. 25/2022-SPL-EST.</td> <td><input type="radio"/> Técnica/o de intervención familiar (1), expte. 32/2022-SPL-EST.</td> </tr> <tr> <td><input type="radio"/> Arquitecta/o técnica/o a xornada parcial (2), expte. 18/2022-SPL-EST.</td> <td><input type="radio"/> Limpador/a centros educativos a xornada parcial (7), expte. 26/2022-SPL-EST.</td> <td><input type="radio"/> Traballador/a social (1), expte. 33/2022-SPL-EST.</td> </tr> <tr> <td><input type="radio"/> Asesor/a xurídica/o (1), expte. 19/2022-SPL-EST.</td> <td><input type="radio"/> Limpador/a edificios municipais a xornada parcial (1), expte. 27/2022-SPL-EST.</td> <td><input type="radio"/> Varredor/a (2), expte. 34/2022-SPL-EST.</td> </tr> <tr> <td><input type="radio"/> Auxiliar de biblioteca (1), expte. 20/2022-SPL-EST.</td> <td><input type="radio"/> Monitor/a deportivo/a (3), expte. 28/2022-SPL-EST.</td> <td><input type="radio"/> Xardiñeira/o (1), expte. 35/2022-SPL-EST.</td> </tr> <tr> <td><input type="radio"/> Auxiliar-administrativa/o (5), expte. 21/2022-SPL-EST.</td> <td></td> <td></td> </tr> </table>			<input type="radio"/> Albalen de obras (3), expte. 14/2022-SPL-EST.	<input type="radio"/> Auxiliar de axuda no fogar (5), expte. 22/2022-SPL-EST.	<input type="radio"/> Técnica/o de información (1), expte. 29/2022-SPL-EST.	<input type="radio"/> Alguacil-porteira/o (1), expte. 15/2022-SPF-EST.	<input type="radio"/> Axente de emprego e desenvolvemento local (1), expte. 23/2022-SPL-EST.	<input type="radio"/> Técnica/o de turismo (1), expte. 30/2022-SPL-EST.	<input type="radio"/> Animador/a cultural (1), expte. 16/2022-SPL-EST.	<input type="radio"/> Conserxe deportes (1), expte. 24/2022-SPL-EST.	<input type="radio"/> Técnica/o deportiva/o (1), expte. 31/2022-SPL-EST.	<input type="radio"/> Arquitecta/o a xornada parcial (1), expte. 17/2022-SPL-EST.	<input type="radio"/> Coordinador/a de voluntariado (1), expte. 25/2022-SPL-EST.	<input type="radio"/> Técnica/o de intervención familiar (1), expte. 32/2022-SPL-EST.	<input type="radio"/> Arquitecta/o técnica/o a xornada parcial (2), expte. 18/2022-SPL-EST.	<input type="radio"/> Limpador/a centros educativos a xornada parcial (7), expte. 26/2022-SPL-EST.	<input type="radio"/> Traballador/a social (1), expte. 33/2022-SPL-EST.	<input type="radio"/> Asesor/a xurídica/o (1), expte. 19/2022-SPL-EST.	<input type="radio"/> Limpador/a edificios municipais a xornada parcial (1), expte. 27/2022-SPL-EST.	<input type="radio"/> Varredor/a (2), expte. 34/2022-SPL-EST.	<input type="radio"/> Auxiliar de biblioteca (1), expte. 20/2022-SPL-EST.	<input type="radio"/> Monitor/a deportivo/a (3), expte. 28/2022-SPL-EST.	<input type="radio"/> Xardiñeira/o (1), expte. 35/2022-SPL-EST.	<input type="radio"/> Auxiliar-administrativa/o (5), expte. 21/2022-SPL-EST.		
<input type="radio"/> Albalen de obras (3), expte. 14/2022-SPL-EST.	<input type="radio"/> Auxiliar de axuda no fogar (5), expte. 22/2022-SPL-EST.	<input type="radio"/> Técnica/o de información (1), expte. 29/2022-SPL-EST.																								
<input type="radio"/> Alguacil-porteira/o (1), expte. 15/2022-SPF-EST.	<input type="radio"/> Axente de emprego e desenvolvemento local (1), expte. 23/2022-SPL-EST.	<input type="radio"/> Técnica/o de turismo (1), expte. 30/2022-SPL-EST.																								
<input type="radio"/> Animador/a cultural (1), expte. 16/2022-SPL-EST.	<input type="radio"/> Conserxe deportes (1), expte. 24/2022-SPL-EST.	<input type="radio"/> Técnica/o deportiva/o (1), expte. 31/2022-SPL-EST.																								
<input type="radio"/> Arquitecta/o a xornada parcial (1), expte. 17/2022-SPL-EST.	<input type="radio"/> Coordinador/a de voluntariado (1), expte. 25/2022-SPL-EST.	<input type="radio"/> Técnica/o de intervención familiar (1), expte. 32/2022-SPL-EST.																								
<input type="radio"/> Arquitecta/o técnica/o a xornada parcial (2), expte. 18/2022-SPL-EST.	<input type="radio"/> Limpador/a centros educativos a xornada parcial (7), expte. 26/2022-SPL-EST.	<input type="radio"/> Traballador/a social (1), expte. 33/2022-SPL-EST.																								
<input type="radio"/> Asesor/a xurídica/o (1), expte. 19/2022-SPL-EST.	<input type="radio"/> Limpador/a edificios municipais a xornada parcial (1), expte. 27/2022-SPL-EST.	<input type="radio"/> Varredor/a (2), expte. 34/2022-SPL-EST.																								
<input type="radio"/> Auxiliar de biblioteca (1), expte. 20/2022-SPL-EST.	<input type="radio"/> Monitor/a deportivo/a (3), expte. 28/2022-SPL-EST.	<input type="radio"/> Xardiñeira/o (1), expte. 35/2022-SPL-EST.																								
<input type="radio"/> Auxiliar-administrativa/o (5), expte. 21/2022-SPL-EST.																										
<p>DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE, que son certos os datos consignados nesta solicitude e que reúno todos e cada un dos requisitos necesarios para o ingreso no emprego público e os sinalados nas bases reguladoras do procedemento que se convoca e que me comprometo a prestar xuramento ou promesa de conformidade co Real decreto 707/1979, de 5 de abril.</p>																										
<p>ACHEGO orixinal ou copia dos seguintes documentos (marcar cun x o que corresponda):</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Documento nacional de identidade ou pasaporte ou tarxeta de residente. <input type="checkbox"/> Visado e, de ser o caso, documento acreditativo do vínculo de parentesco e declaración responsable do cónxuge ou ascendente do que dependa de que non está separado de dereito ou de que a ou ao aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo. <input type="checkbox"/> De ser o caso, ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de calificación do grao de discapacidade acreditativo das deficiencias permanentes que deron lugar ao grao de discapacidade recoñecido. <input type="checkbox"/> Documento acreditativo do pagamento da Taxa pola participación en procesos de selección de persoal ao servizo do Concello de Padrón que ascende a 15,44 €. <input type="checkbox"/> Relación, segundo a orde que se establece nas bases da convocatoria, dos méritos que alego para a súa 																										

¹Debe seleccionarse unha única opción. Para o caso de querer participar en varios procesos deberá cubrir tantas instancias como prazas ás que se pretenda optar.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 881 24 93 91

valoración na fase de concurso e os documentos xustificativos dos mesmos.

Lugar, data e sinatura.²

ANEXO II. DECLARACIÓN RESPONSABLE, PROCESOS DE ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL CONVOCADOS PARA DAR COBERTURA ÁS PRAZAS INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO 2022 DO CONCELLO DE PADRÓN, AO ABEIRO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBER, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO.

APELIDOS E NOME:					
DNI / PASAPORTE / TARXETA DE RESIDENTE:					
ENDERECO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:					
Rúa, avenida, praza ou lugar			Número	Escaleira	Andar
Código postal	Municipio	Provincia	Correo electrónico		Teléfono
Canle de notificación:	<input type="checkbox"/> Notificación postal <input type="checkbox"/> Notificación telemática (obrigatoria para as persoas que teñan a condición de empregada pública).				
DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE , non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, nin ter sido separada/o mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparme na situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaba no caso do persoal laboral, no cal fose separado ou inhabilitado.					

Lugar, data e sinatura.*

O Alcalde

²En cumprimento do Regulamento 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos personais e á libre circulación destos datos e da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámosselle que os datos persoais reflectidos nesta instancia trataranse polo Concello de Padrón coa finalidade de xestionar o procedemento que inicia coa mesma. Este tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público e para o exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento (artigo 6 do Regulamento 2016/679 do Parlamento Europeo). Poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, limitación do tratamento ou calquera outro establecido na normativa vixente ante o responsable do tratamento:

- Responsable: Concello de Padrón.
- Destinatario: departamentos municipais con competencias na tramitación do expediente.
- Conservación: os seus datos trátranse durante o tempo necesario para resolver o expediente e conservarase durante os prazos de prescripción establecidos na normativa aplicable.

*En cumprimento do Regulamento 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos personais e á libre circulación destos datos e da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámosselle que os datos persoais reflectidos nesta instancia trataranse polo Concello de Padrón coa finalidade de xestionar o procedemento que inicia coa mesma. Este tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público e para o exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento (artigo 6 do Regulamento 2016/679 do Parlamento Europeo). Poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, limitación do tratamento ou calquera outro establecido na normativa vixente ante o responsable do tratamento:

- Responsable: Concello de Padrón.
- Destinatario: departamentos municipais con competencias na tramitación do expediente.
- Conservación: os seus datos trátranse durante o tempo necesario para resolver o expediente e conservarase durante os prazos de prescripción establecidos na normativa aplicable.

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca